



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

CASA DO OROÑA

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.991539, -8.743806

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Tomiño (Santa María)

Lugar: Seixo. Rúa José Antonio

Cronoloxía: 1912

Construtor: Serafín Carrera Fernández

Promotor: José Oroña

Propiedade: privada

Uso actual: habitada

Estado de conservación: bo

Comentario e descrición

Vivenda unifamiliar de planta rectangular con tellado a catro augas con bufarda. Sitúase nunha contorna urbana con edificios anexos, polo que só se poden apreciar dúas das catro fachadas. Estrutúrase en dous pisos.

A cor xoga un papel fundamental, non só a nivel ornamental senón que axuda a estruturar visualmente a casa. Isto observámolo no zócalo de cor amarela que percorre o perímetro, así como nas pilastras, do mesmo ton, que articulan verticalmente os panos pintados de branco, unindo ambas alturas. Estas rematan cunhas molduras en branco estriadas, dispostas en vertical, que abrazan unha cornixa bocelada.

A fachada máis ancha, que se abre á praza do Seixo, presenta tres portas na parte inferior e tres ventás na superior, reforzadas por molduras pétreas. Esta mesma disposición repítese na fachada máis estreita, que da á rúa José Antonio, sobre a que se abre o van da bufarda e un balcón na parte central pechado cunha reixa balaustrada.

O inmovible presenta algunhas modificacións, como a reforma na parte inferior da porta esquerda, transformada nun van de grandes dimensións, e o engadido dunha dependencia anexa no segundo andar. O propietario orixinal emigrou a Arxentina.

Nesta casa podemos observar influencia de dous estilos: por un lado, o americano no emprego da cor como elemento ornamental no exterior e, en segundo lugar, o modernista que apreciamos no emprego das molduras e na decoración floral das portas.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicado).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: TOM-01

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA